

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoexa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

PATRIMONIO

AS NOVAS INSTALACIÓNS DA CASA DA CULTURA DE ANTAS DE ULLA DAN PÉ A FACER MEMORIA SOBRE A IMPORTANCIA DOS LUGARES E AS INFRAESTRUTURAS Á HORA DE FACER CULTURA. ESTE ARTIGO RECOLLE OS TESTEMUÑOS INCLUÍDOS NO FOLLETO REPARTIDO O DÍA DA SÚA INAUGURACIÓN

HISTORIAS DE CULTURA EN ANTAS DE ULLA

/ PATRICIA COUCHEIRO

**SAÚDO DAALCALDESA
PILARGARCÍA PORTO**

Con moita alegría e orgullo, dedico estas liñas á reapertura da nosa querida Casa da Cultura. Desde a miña infancia tiven a honra de participar e disfrutar da vida cultural deste Concello, e ver como este emblemático espazo renace para seguir sendo o corazón creativo da nosa comunidade é motivo de fonda satisfacción.

Este logro é o resultado do esforzo e da paixón de moitas persoas que ao longo dos anos creeron e confiaron no poder transformador da cultura. Agradezo a todos os que contribuíron a este proxecto e reafirmo o noso compromiso de fomentar e preservar as nosas tradicións, ao mesmo tempo que abrazamos novas expresións artísticas.

Que a Casa da Cultura sexa sempre un refuxio de ideas, un escenario do talento local e un punto de encontro de todos os habitantes de Antas de Ulla. Sigamos construíndo xuntos un futuro cheo de creatividade, diversidade e enriquecemento cultural.

Benvidos a unha nova etapa deste espazo cultural do noso concello!

**SAÚDO DA COMISARIA
DA INAUGURACIÓN,
PATRICIA COUCHEIRO**

A inauguración das novas instalacións da Casa da Cultura de Antas de Ulla, que motiva esta pequena publicación, supón moito máis ca iso para todas as persoas que vivimos a cultura neste concello. Por iso nestas páxinas atoparédesevos constantemente con palabras que pertencen ao eido das emocións, da ilusión, da memoria, dos desexos, dos proxectos de vida. Nestas catro paredes todas esas palabras teñen sentido e significado. Téñeno ata tal punto que poucas veces se pronuncian pero sempre se viven e se sinten, de forma intensa e compartida.

Esta Casa da Cultura fana as persoas que a transitan, que a coidan -como acertadamente sinala Marité (a que podería ser considerada matriarca da mesma)- e que atopan nela unha enerxía vibrante que fai que calquera proxecto sexa posible -como nos lembra Miki, con máis de media vida percorréndoa-. As súas reflexións axúdannos a poñer en valor este tesouro que temos entre mans e, polo tanto, dannos azos para seguir coindándoo e alimentándoo. A verdadeira gasolina para o futuro da nosa cultura está nas novas xeracións, en toda a cativada que transitará estes novos espazos. Para ela van especialmente estas liñas e esta inauguración.

Un video conmemorativo, un mini-espectáculo deseñado para a ocasión e unha exposición instalada no novo edificio acompañan a esta pequena publicación. O vídeo permitiranos escoitar testemuños relacionados coa vida de cada unha das asociacións que habitan esta Casa. O espectáculo fará honra a por que precisamos un salón de actos á altura de calquera núcleo de máis de 5.000 habitantes e a exposición poñerá en valor obxectos e memoria vinculados coa historia deste espazo que ao mellor non coñeciamos e que son moi significativos.

Porén, a importancia deste día vai máis alá. Inaugurar este espazo supón unha alegría para todas e todos os que o amamos. Hai certa identidade seonense que se apoia nel. Ten que ver co traballo colaborativo, coa afouteza, coa diversidade e coa confianza en que o tempo invertido en soñar sí merece a pena. Ten que ver co feito de que dende as pequenas vilas podemos crear espazos de ocio por nós mesmas. Ten que ver co autocoidado da nai que sabe que pode deixar ao neno nun espazo seguro; coa adolescente que está farta de non poder experimentar co seu corpo; co xubilado que non quere dicirlle adeus tan pronto á vida activa -non hai máis que escoitar as palabras do noso Edu-.

Sen máis, convíдовos a ler as reflexións das verdadeiras protagonistas deste momento: as persoas nas que se sonteñen estas palabras.

Longa vida á Casa da Cultura de Antas de Ulla. A nosa segunda Casa!

Eduardo Salgado.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO



3. ESCOLA-BANDA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA

*Eduardo Salgado. Integrante máis lonxevo
da Banda da Música de Antas de Ulla.*

“A xuntanza primeira foi no ano 1896 en Penela, unha parroquia de Antas de Ulla. Alí xuntáronse catro amigos que ían mocear o día de noiteboa. Había unha casa en Penela que daba comidas, cearon alí e fixeron unha festa para ver de facer unha banda. Eran músicos: gaiteiros, trompetistas... Quedaron para outro día e xa foron máis. E así empezou. Comezaron sendo dezoito persoas que ían tocando por diferentes lugares. A primeiros do 1900 buscaron director e a banda xa se estrea o día 3 de maio de 1900 oficialmente.»

*María Corbella. Actual presidenta da
Escola-Banda de Música de Antas de Ulla.*

“No 2004 cambia o nome a Escola-Banda de Música de Antas de Ulla e comeza, da man do director Javier S. Borrajo, a súa labor como centro de formación. Temos actualmente 45 músicos estupendos. Hai moitos proxectos en marcha gracias aos máis de cen socios e socias particulares cos que conta a banda así coma os socios patrocinadores e institucionais.»



Javier S. Borrajo. Ex-director da Escola-Banda de Música de Antas de Ulla.

María Corbella con Eduardo Salgado.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO

“Durante a miña traxectoria como director, a Casa da Cultura tivo unha importancia moi notable para a banda e para a escola. Foi un espacio onde puidemos centralizar a nosa actividade. E, por outro lado, ao ser un lugar onde convivían tantas actividades culturais distintas, moitos nenos e nenas que a priori non terían previsto anotarse na banda, deron o paso ao entrar en contacto coa súa actividade pola súa presenza neste punto central da vida de Antas.»



Javier S. Borrajo.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO



Lucía, lectora do club de adultos.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE ANTAS DE ULLA. CLUB DE LECTORES DA BIBLIOTECA

Lucía. Lectora do club de adultos e nai dunha nena e un neno participantes tamén nos clubs de lectura infantil da Biblioteca Pública Municipal de Antas de Ulla.

“Eu empecei no club de lectura arredor de fai dez anos. Hai libros que descubres que, se non estiveras, nunca lerías. A raíz de estar eu, tamén comezaron os meus fillos. Como se fan actividades e xogos xunto coas lecturas, anímanse a ler moito máis que, por exemplo, no instituto. Na miña familia somos tres persoas participando activamente no club de lectura. Esta actividade é moi importante para nós.»

Teresa Batán Buján. Bibliotecaria actual e dende o ano 1991.

“Como todas as actividades da Biblioteca, os clubs de lectura naceron coa finalidade de facer partícipe á xente do povo da vida da mesma e de achegala á lectura dunha maneira lúdica. O primeiro grupo foi o de adultos, que nos permitiu e permite tamén reflexionar sobre o trasfondo social das historias que lemos. Cada libro ten un. E tamén comezamos a ser auténticos críticos literarios.



Cada vez sumábase máis xente e inauguramos os clubs de lectura infantil. Facemos actividades como contacontos, saídas lúdicas, veñen escritores e escritora visitar os clubs, as propias nais e pais actúan como contacontos para os grupos dos máis cativos... É unha actividade moi completa que ten un éxito claro e, agardo, continúe moitos anos.

Teresa Batán,
bibliotecaria.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO

A Biblioteca inaugurouse en 1991 nos baixos do Concello de Antas de Ulla. Alí existiu a primeira Casa de Cultura realmente, coas primeiras visitas escolares xa. No 1993 constrúese o edificio que hoxe coñecemos propiamente como Casa da Cultura. Nese momento comeza tamén a existir o Grupo de Teatro, por exemplo, que durante moitos anos se xestiona dende a propia Biblioteca. Os hábitos lectores mudaron moito. Eu procuro ter en conta os de cada persoa. Antes lía-se, por exemplo, a colección de Los Hollister, que están todos velliños, ves? Outros nunca pasan de moda, coma a historia da toupá. A Biblioteca ten que ir mudando tamén e adaptándose. O obxectivo sempre é que teña vida e forme parte da vida do povo.»

A Biblioteca tamén é un centro de documentación e conservación. Temos os libros de rexistro de préstamos de inicios do século XX. Temos o documento orixinal onde constan os libros da Biblioteca censurados polo franquismo. Ata que chegou internet, e coa idea de facer un fondo local, fóronse compilando as noticias que saían na prensa relativas ao noso concello. Temos arredor de 600 recortes de xornal compilados que supoñen un verdadeiro arquivo.»

Este lugar é un fervedoiro de xente. Sempre está sendo vivido pola xente. E eu creo que a demostración máis evidente de que a

xente quere, respeta e ama a Casa da Cultura é que durante todos estes anos, a pesares de tanta vida, non houbo ningún desperfecto ocasionado polos usuarios. A Casa desgastouse polo tempo, pero foi sempre respetada e querida. Así que longa vida ao novo edificio e ogallá o sigamos querendo e sentindo como propio.»

CORAL POLIFÓNICA SONS DO FARELO

*M^a Dolores Mariño, actual presidenta
da Coral Polifónica Sons do Farelo.*

“ A Coral Polifónica Sons do Farelo xorde no 1.999 aínda que non se constitúe como asociación ata o 2.000. Fomos un pouco arriscados porque xa no 2.001 actuamos na televisión de Lugo. Estivemos en case tódalas zonas de Galicia. En Antas tamén fixemos roteiros polas aldeas. Mesturamos canto relixioso con profano. Máis que unha coral, que tamén, somos unha familia. Retomamos a nosa actividade este ano, tralo parón provocado pola pandemia. Moita da xente que estaba con nós xa non está pero tamén temos case unha decena de incorporacións novas, de tal xeito que nos movemos na vintena de membros actualmente. Estamos con moita ilusión e ánimo.

A Casa da Cultura é unha casa á que todos acudimos. É un pouco distinta a outras que ás veces coñecemos. É a Casa de todos, onde aprendemos, onde disfrutamos, onde convivimos: a nosa segunda Casa».

M.^a Dolores Mariño,
presidenta da
Coral Polifónica
Sons do Farelo.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO





Sergio Alba, director
da Coral Polifónica
Sons do Farelo.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO

*Sergio Alba, actual director da
Coral Polifónica Sons do Farelo.*

“Levo como director da Coral arredor de vinte anos e claramente os momentos bós gañan con moito. Esta Coral basa a súa actividade na convivencia entre os seus membros. Adaptamos as partituras ás propias características dos participantes. En todos os ensaios priorizamos os momentos de conversa, de distensión. Para min é un orgullo ser o seu director. Este é o lugar no que soñei estar sempre, dende pequeno, cando viña de vacacións cos meus pais. Tanto estar no cole como profe como dirixir a Coral é moi significativo para min. Estar dirixindo ao meu pai nela tamén o é. Emocionámonos ao recordar as persoas integrantes que xa non están con nós e que lembramos nas actuacións. Eu creo que lles adicamos cada un dos nosos concertos a elas.

A Casa da Cultura é un berce, unha base de datos e unha base de probas para moitos proxectos que se levan a cabo finalmente. Como profesor, tamen me decato de que moitos dos nenos e nenas realmente aprenden a ser artistas na Casa da Cultura».

Javier Valiño,
presidente da
Asociación Cultural
Fiadeira.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO



ASOCIACIÓN CULTURAL FIADEIRA

*Javier Valiño, actual presidente da
Asociación Cultural Fiadeira*

“ A Asociación Cultural Fiadeira conta na actualidade con arredor de 50 participantes. Ofrece aulas de canto e pandeireta, percusión, gaita, acordeón e baile. Abrangue participantes dende os 6 anos. Como a maioría de asociacións do povo, conta cunha longa traxectoria dende o ano 1996. Dende a miña experiencia, a Casa da Cultura é moi relevante para este concello. Moitos de nós seguimos unidos a grupos de amigos e amigas que naceron das actividades que compartimos nesta Casa dende que eramos cativos».

*Miguel Varela «Miki», actual profesor
da Asociación Cultural Fiadeira*

“ Fiadeira forma parte da miña vida dende hai máis de vinte anos; iso no meu caso é media vida, que non é pouco. Non podo estar máis orgulloso de formar parte dun colectivo como este e creo que o povo de Antas tamén o debería estar polo traballo que leva feito esta asociación. Estou convencido de que Fiadeira me deu moito máis do que merecía, tanto a nivel persoal como profesional. Puiden involucrarme na vida de moitos rapaces e rapazas, acumulando vivencias e amizades que se gardan para sempre. Medrei e vin medrar a Fiadeira e, se nalgo non cambiou nunca, é no compromiso tanto coa cultura tradicional como co territorio: coa Ulloa, coa xente de Antas, tendo claro sempre a súa finalidade e obxectivos.»

O que me ven á cabeza se penso na Casa da Cultura de Antas é a primeira vez que entrei nela e fun consciente da vida que había no seu interior. Pero sobre todo da enerxía que se xeraba dentro das súas catro paredes. Creo que non hai mellor exemplo de construción pública posta a disposición do povo e para o povo, que cumpla totalmente cos fins para o que foi construída. Foi sempre un espazo integrador entre as asociacións que a habitan e creo que iso é o que fai que todas as persoas de Antas e as que non somos de Antas nos sintamos tan orgulosas dela.»



Miguel Varela,
profesor da Asociación
Cultural Fiadeira.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO

María Gontá,
presidenta do
Grupo de Teatro
de Antas de Ulla.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO



GRUPO DE TEATRO DE ANTAS DE ULLA

*María Gontá, actual presidenta do
Grupo de Teatro de Antas de Ulla*

“O Grupo de Teatro de Antas de Ulla naceu xa fai uns trinta anos como unha actividade dentro da Biblioteca Pública Municipal, da man de Teresa Batán. Durante toda a súa traxectoria estivo cheo de actividades diversas: clases de teatro, montaxe de obras, campamentos teatrais, viaxes culturais... e creo que hai poucos rapaces de Antas de Ulla que non pasaran por esta Asociación nalgún momento da súa vida. Na actualidade temos tres grupos infantís e dous grupos de adultos, gozamos de boa saúde e agardamos que dure, cando menos, outros trinta anos ou máis.

A importancia da Casa da Cultura supera a súa función básica. Pasar por ela é acabar coñecendo persoas, sumándote a algunha actividade e participando na vida do povo. Eu, por exemplo, que botei moitos anos fóra e regresei con dous cativos, atopei na Casa da Cultura todo. Atopei actividades para eles, para min, persoas variadas coas que forxar relacións de amizade... Convértese nun verdadeiro centro de integración social».



Jouse García, ex-director do Grupo de Teatro de Antas de Ulla.

FOTOGRAFÍA:
PATRICIA COUCHEIRO

*Jouse García, ex-director con máis
traxectoria a cargo do Grupo de
Teatro de Antas de Ulla*

“O Teatro para min en Antas é algo que xa sabedes, é a miña vida, unha parte moi importante da miña vida. Estiven moitos anos en Antas dando clase. Coñecín a moitísimas persoas ao longo deses anos e sempre tiveron o apoio da xente que organizaba o Teatro e dos alumnos e alumnas que estaban comigo nas clases. Sempre me sentín moi querido en Antas e, polo tanto, sei que este momento de reapertura da Casa de Cultura é algo importante para min e para todos vós, así que: por moitísimos anos máis de Teatro en Antas de Ulla! Viva o Teatro!»



CAIRÓN

Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 8. Marzo 2025

COORDINA

Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN E DEBUXAN

Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA

Laboratorio Numax

PRELO

Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025

